

O COMPLEXO ARTÍSTICO–RELIXIOSO DE SAMBREIXO (PALAS DE REI) (LUGO)

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Trátase dun municipio, que está situado na conca alta do Ulla e posúe unha extensión de case 200 km² (199,58), onde hai 43 parroquias¹. Nelas distribúese – segundo o I.G.E. do 2017– unha poboación de 3489 habitantes. Este municipio lucense está situado no centro xeográfico de Galicia, limitando coas provincias de A Coruña e Pontevedra e constituíndo xunto a Monterroso e Antas de Ulla a comarca de “A Ulloa”, val fértil polo que transcorre o río Ulla. A capital municipal radica na entidade de poboación de Palas de Rei, que reúne a maioría da poboación municipal; este núcleo de poboación dista 35 km. da capital provincial e está situado á beira da estrada N-547, Lugo–Santiago de Compostela.

Dende unha óptica xeomorfolóxica, este municipio caracterízase por ser unha penechaira, que se foi formando a consecuencia dunha antiga superficie de erosión.

Con respecto á poboación, houbo unha evolución positiva no século XX, que durou ata o ano 1940 –agás o leve retroceso entre os anos 1920 e 1930–. Non obstante, a partir deste ano (1940) houbo unha constante perda de poboación ata chegar ao intre actual. Este declive poboacional foi debido a emigración –moi cuantiosa nas décadas dos 50 e 60 do século pasado– que ocasionou que a poboación fora diminuindo e que o envellecemento da mesma fora crescendo.

Dende unha óptica histórica as abondosas pegadas, reflectidas nas mámoas –Casa das mouras en Chorexe, costa das medorras en Cobreiro–; nos dolmens; e nos castros –algúns deles romanizados (Carteire, Marzá...)– lévanos a pensar que neste municipio houbo antigos asentamentos humanos. No século VI o Códice Calixtino dinos que esta zona é un importante burgo medieval, constituíndo o remate da penúltima etapa de peregrinación. Ademais, neste territorio tiveron propiedades algúns mosteiros como os de Samos e Toques; algunhas casas nobiliarias como as de Lemos, Ulloa, Traba e

¹ ÁLVAREZ CAO, Charo: “Palas de Rei”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 983-987.

Monterrei; e mesmo o bispo de Lugo. Bastantes anos despois as xurisdicións antigas foron desaparecendo e no seu lugar foron xurdindo uns concellos de base constitucional como o da Ulloa, Augasantas e Vilar de Donas, que nos seus inicios pertencían ao partido xudicial de Melide². Finalmente, no ano 1840 naceu o actual concello de Palas de Rei, que ía pertencer ao partido xudicial de Chantada.

A nivel cultural cómpre distinguir unha arquitectura relixiosa –de influencia románica– reflectida nunha serie de capelas e igrexas parroquiais entre as que cómpre facer alusión á igrexa de Vilar de Donas, que nos seus comezos pertencía a un mosteiro fundado a mediados do século XII³. Con respecto á arquitectura civil hai que facer referencia ao castelo de Pambre.

Dende unha perspectiva económica, o 40,70% da poboación activa dedícase a actividades agropecuarias, sendo a gandería a ocupación fundamental principalmente a destinada á produción de leite. Hoxe aínda seguen sendo moi relevantes os queixos da Ulloa. A industria, representada por algúns aserradeiros; por unha industria extractiva; e por algúns montaxes eléctricos da emprego ao 11,5% da poboación. A construción con escasa oferta só acolle ao 11,5% da poboación activa. Como remate, o sector terciario referido aos servizos administrativos; sanitarios; educativos; actividades comerciais variadas: cafeterías, comercios de índole familiar, pensións etc., son o destino do 37% da poboación activa. Estes servizos concentranse basicamente na capital municipal e algúns xurdiron ao ser a vila de Palas lugar de tránsito do Camiño de Santiago.

En canto á freguesía de San Breixo cómpre dicir que era un anexo da parroquia de San Martiño de Curbán, concello de Palas de Rei, arciprestado da Ulloa, e provincia e diocese de Lugo. Limita ao norte coa de Mato; ao sur coa de San Cibrao de Repostería; ao leste coa de Camiño e Curbán; e ao oeste coa de Mato e de Remonde. A súa poboación está distribuída nas entidades de Andemil, Sambreixo, Vilariño e Vilouchada.

Pois ben, do complexo artístico-relixioso desta comunidade parroquial vou analizar os seguintes aspectos, ligados á entidade de poboación de San Breixo. Estes se corresponden coa Confraría da Conceución; co Oratorio da Santa Cruz e as misións habidas na parroquia; co cruceiro de San Breixo, situado nun cruzamento de viarios; e co santuario adicado ao Eccehomo e a varias advocacións marianas.

² Equipo Ir Indo.: *Galicia en comarcas. Chantada e a Ulloa*. A Coruña: Ir Indo. La Voz de Galicia, páx. 151.

³ ÁLVAREZ CAO, Charo: “Palas de Rei”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páx. 987

II. A CONFRARÍA DA CONCEUCIÓN

As confrarías son agrupacións voluntarias integradas por laicos que están ligadas con determinadas imaxes ou advocacións co fin de propagar o seu culto. Reciben o seu nome ou título dos misterios da relixión cristiana, das festas do Señor, da Virxe, dos Santos ou do fin da asociación. "Las cofradías son asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente con el culto a determinadas imágenes o advocaciones"⁴. "La cofradía es la mediación fundamental para la cristalización y animación de las grandes devociones populares"⁵.

Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica, levándose a cabo no seu seo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. "La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario"⁶.

As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. A este respecto o código dado por D. Alfonso X á terra de Santiago no ano 1252, di entre outras cuestións o seguinte: "Otrossi mando que non fagan confradías, nin iures males nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos"⁷.

Polo tanto, as confrarías desde os seus inicios tiñan como fins específicos: preocuparse dos necesitados, enterrar aos mortos e alumar o recinto eclesial con motivo dos diferentes cultos realizados pola confraría.

Por outra banda en Galicia as confrarías son abertas e verticais, mentres en Andalucía hainas tamén pechadas⁸ e horizontais⁹. Son abertas porque a persoa que o desexe pode pertencer a elas sempre que cumpra os estatutos da confraría. Son verticais xa que en cada unha delas integranse persoas pertencentes a distintos estratos sociais¹⁰.

⁴ ESCALERA REYES, Javier: "Hermandades, religión oficial y poder en Andalucía", en ***La Religiosidad popular III. Hermandades, Romerías y Santuarios***. ÁLVAREZ SANTALO, C; BUXO, M^a Jesús; RODRÍGUEZ BECERRA, S. (Coords.). Anthropos. Barcelona, 1989, páx. 459.

⁵ MALDONADO, Luis: ***Para comprender el Catolicismo popular***. Cofradías y Hermandades. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra), 1990, páx. 87.

⁶ Ibidem, páx. 87.

⁷ LÓPEZ FERREIRO, Antonio: ***Los fueros municipales de Santiago y su tierra***. T. I, Santiago, 1985, páx. 359.

⁸ As confrarías pechadas son aquelas que teñen un número de socios limitado.

⁹ As confrarías horizontais reflicten dun xeito bastante preciso a división social da comunidade.

¹⁰ Para a análise das confrarías andaluzas e mester consultar a obra de **Isidoro Moreno**: "Cofradías y hermandades andaluzas", Sevilla, 1985.

Normalmente unha persoa pertence a unha confraría en función da tradición familiar, da amizade con algún membro delas, da residencia etc, dándose con frecuencia o feito de que unha persoa poida pertencer ao mesmo tempo a varias confrarías, algunhas delas non pertencentes ao seu medio de habitat.

Con respecto á confraría que nos serve de estudio ten a súa sé na igrexa parroquial de Sambreixo (Palas de Rei), onde o 5 de febreiro do ano 1738 foron aprobadas as constitucións da Nosa Señora da Conceución, sendo bispo da diócese de Lugo o Excmo. Sr. D.Caetano Gil. Logo, no ano 1827 foron ratificadas polo párroco de Sambreixo D. Francisco Julián Varela.

Nunha breve análise das bases da irmandade distinguimos os seguintes aspectos:

1. As persoas que desexaban pertencer á confraría tiñan que apuntarse no libro da asociación e pagar unha taxa de catro reais de vellón ou dous reais, segundo as posibilidades económicas de cada confrade.

2. Os confrades que pagaban catro reais tiñan dereito a doche fachas de cera e seis candeas nas súas funcións de enterro, honras e cabodano. Os que pagaban a metade dábanselles seis fachas de cera e tres candeas. Non embargantes, ós seus fillos de máis de oito anos outorgábaselles, no caso de que morresen, a metade da cera que lle concedína ós seus pais.

3. Co importe das taxas, a confraría celebraba unha función anual en memoria da Inmculada Conceución, que era concelebrada por seis cregos da comarca e o párroco da freguesía. Éstes procuraban cantar tamén as vésperas.

Á función acudían os irmáns que non tiñan ningún impedimento e o mordomo que traía a cera non só para a devandita función, senón tamén para aquelas persoas que acompañaban a procesión.

4. Ó día seguinte da festividade da Inmaculada Conceución, os mesmos cregos ou ben outros oficiaban unha misa coa súa vixilia polos confrades defuntos. Para esta función, á que debíana acudir tódolos irmáns non impedidos, construíase un túmulo con doce fachas e seis candeas no altar.

5. Se algún peregrino morría nos termos da freguesía de Sambreixo, a confraría contribuíría con doce candeas para o seu enterro.

6. Co diñeiro da irmandade axúdabase a restaurar a igrexa dunha maneira axeitada quedando logo a cargo da fábrica da igrexa agás no caso de que dita confraría seguise tendo diñeiro sobrante. Neste caso a irmandade tiña que contar para calquera axuda que

se dese á igrexa, co consentimento do crego e consiliarios, e, tamén, coa disposición do excmo. sr. bispo da diócese.

7. O diñeiro da confraría, previa consulta do párroco e consiliarios e nalgúns casos –por discordia– do excmo. sr. bispo e o sr. visitador, empregábase, tamén, en mercar tódolos ornatos de gala e defuntos, que fosen mester, como corporais, cintas e todo o preciso para as diferentes funcións que se levasen a cabo. Pois ben, tendo en conta estas dúas ultimas constitucións, no ano 1786 o depositario da mesma, Gregorio de Escariz, presentou varios recibos nos que se facía patente unha serie de gastos referidos non só ás obras realizadas na igrexa parroquial, senón tamén á compra de diversos obxectos necesarios para o recinto sacro.

A relación de gastos foi a seguinte: un misal, 150 rs; un cáliz, 660 rs; unha capa da Nosa Señora, 476 rs; unha capa do coro, 87 rs; a feitura da cuberta na mesa do altar maior, 34 rs; o pé da cruz, 8 rs; as bulas para as indulxencias e privilexio do altar maior para tódolos confrades, 592 rs; seis candeeiros coa súa cruz correspondente, 184 rs; trece táboas, das que se fixeron dúas tarimas e un banco, 48 rs; un carpinteiro, que fixo dous confesionarios, dous atrás para os altares e compuso o altar do Corazón de Xesús, 66 rs; unha obra consistente en cubrir os ocos descubertos ós lados do altar maior, 400 rs; a construción das paredes da sancristía, o adro e a metade do cabildo, realizado por Xaquín Camoia, 942 rs; uns carpinteiros por construír a sancristía, o piso e traballar a madeira, 442 rs; os vidros dos tragaluces 12 rs; e a tella, 62, 50 rs.

A confraría, logo de que o depositario pagase eses gastos, quedaba cun superávit de 2402 reais. Logo, no ano 1791, a irmandade mercou as campás da igrexa de Sambreixo por 1090 rs. Nesta cantidade fai que incluír 120 rs, do ferro e do ferreiro, e 16 rs. do carpinteiro. Tamén, neste ano, lousouse toda a igrexa e construíronse as dúas tarimas dos altares por 416 rs.

8. Tanto a cera como os enfeites estaban nunha arca pechada cunha chave, que tiña o mordomo. Os herdeiros do defunto ían buscar a arca para as funcións fúnebres, e perante deles era aberta polo mordomo.

9. O depositario tiña coidado de que a roupa estivese limpa, lavada e planchada para a función da Nosa Señora. No caso de neglixencia, o párroco podía poñerlle unha multa de catro reais.

10. O mordomo da confraría tiña a obriga de cobrar as taxas dos confrades no mes de setembro e dar o seu importe ó depositario nun prazo de oito días. Éste, logo, entregábao ó seu sucesor.

11. O depositario e o mordomo da confraría tiñan a obriga de realizar con claridade un inventario de alfaias e cera. Un fiscal, elexido anualmente pola asociación, era o encargado de cotexar o inventariado.

12. Os confrades deixaban de pertencer á confraría cando había unha causa grave recoñecida previamente polo párroco e consiliarios da irmandade, e no caso de que houbera algunha discordia resolvía o excmo. sr. bispo da diócese ou o sr. visitador.

Por outra banda, a finais do século XVIII o papa Pío VI concedeu indulxencias especiais a tódolos confrades da irmandade por unha serie de motivos, entre os que cito os seguintes:

- A. Tódolos fieis de ámbolos dous sexos que no mesmo día da súa entrada na confraría confesasen e comulgasen na igrexa de Sambreixo, acadarían unha indulxencia plenaria e remisión de tódolos pecados.
- B. Os confrades que axudasen enterrar ós mortos, hospedar a pobres peregrinos e acompañar ó Santísimo cando se levaba ós doentes, conseguirían sesenta días de indulxencia.
- C. Finalmente, tódolos fregueses, pertencentes á confraría, acadarían indulxencia plenaria e remisión de tódolos pecados sempre e cando visitasen a igrexa parroquial de Sambreixo en cada unha das festividades da Virxe¹¹.

¹¹ Para levar a cabo o estudio da confraría da Conceución de Sambreixo utilicei o “Libro da Confraría da Nosa Sra. da Conceución”, que se atopa no Arquivo Diocesano de Lugo.

III. O ORATORIO DA SANTA CRUZ E AS MISIÓNS DA PARROQUIA

COORDENADAS U.T.M.

X= 587.599 Y= 4.746.663

Por tradición oral comentase que a principios do século pasado había dous oratorios ao aire libre. Hoxe queda un, que está situado no lado esquerdo da pequena praza do lugar de San Breixo. Hai anos estaba colocado uns cincuenta metros máis arriba do seu actual emprazamento. Trátase dunha pequena construción de estrutura cuadrangular, que posúe un teitume de madeira e unha cuberta a catro augas, sostida por catro columnas graníticas. A esta edificación accédese por unha escaleira de cemento de catro chanzos e unha porta metálica, provista dunha cruz na súa parte superior, que forma parte dun enreixado metálico; este, de forma xeométrica, está composto de catro corpos moi semellantes. Esta obra está rodeada por un muro de cachotería nos seus flancos; e ademais está pechada na súa parte posterior por unha parede composta de pedra miúda, area, cemento e cal. Nesta parede están adosadas as dúas cruces laterais do Calvario; pola contra a cruz central, máis complexa en canto a medida e ornamentación, non está ao mesmo nivel que as outras, permanecendo un pouco saínte.

Este Calvario, de madeira, está ligado a unha misión celebrada polos Pais Capuchinos en abril do ano 1958. As cruces laterais, son de forma latina, e os remates de ambos os dous brazos son de forma trevoada. Polo que respecta á ornamentación e inscricións, que amosan, só a cruz do lado esquerdo mostra as seguintes inscricións: Na parte superior do brazo vertical manifestase a palabra **“Gloria”**; na parte media, aparecen os días nos que se celebra a misión, **“19-21”**; o mes, **IV** (Abril); o ano, **“58”** (1958); e a Orde, que a impartiu, **“PP. Capuchinos”**; na parte inferior, móstrase a palabra **“Infierno”**. Ademais, no lado dereito do brazo esquerdo amósase a palabra **“Muerte”** no seu tramo final ; así mesmo, no lado esquerdo maniféstase a palabra **“Juicio”**. En canto a cruz central, tamén de forma latina, mostra unha maior complexidade en canto á medida e decoración. Presenta como sostén unha base granítica, que posuía denantes da súa restauración unha moldura en escocia, separando dous tramos de forma troncopiramidal; o superior coas arestas biseladas. Na actualidade a base amosa nunha orde descendente un tramo paralelepípedo apoiado nunha molduración cóncavo-convexa. Ademais esta cruz latina de relevantes dimensións amosa uns resaltes metálicos cuns enfeites a xeito de bolas nos extremos de ambos os

dous brazos. Con respecto aos ornatos ou motivos decorativos, ligados en boa medida a Paixón de Cristo, maniféstanse en ambos os dous brazos da cruz. Así, o brazo vertical amosa nunha orde descendente os seguintes ornatos: **“tres cravos”**¹²; **“unha pomba”**¹³; unha inscrición co nome de **“INRI”**¹⁴; **“un galo”**¹⁵; **“unha coroa de espiñas”**,¹⁶ situada na intersección de ambos os dous brazos, que mostra no seu interior un corazón e unha pequena cruz na súa parte superior; **“unha hostia”**¹⁷; **“un cáliz”**¹⁸; logo, **dúas varas alongadas**, que se cruzan e apoian no brazo central¹⁹; **“un látego”**, que xa non aparece coa restauración do monumento²⁰; unha escaleira de dez banzos²¹; por baixo da escada **“un corazón”**, que leva inscrito un novo corazón e unha cruz; logo, **“unha caveira”**; e, como remate, **“dúas tibias entrecruzadas”**, por riba dun peto²². O brazo horizontal mostra dous instrumentos da paixón: o lado dereito, **“as tenaces”**; e o lado esquerdo, **“o martelo”**²³.

Este oratorio foi sufrindo un continuo deterioro ao longo deste século debido a que a súa estrutura non estaba debidamente protexida das condicións metereolóxicas adversas. Isto deu lugar a que a cruz central do Calvario aguantase o peso de boa parte da cuberta do Oratorio durante certo tempo, ata que no ano 2016 se levou a cabo unha urxente restauración do monumento²⁴.

Os traballos de restauración consistiron en cambiar todo o tellado, recuperar as columnas, así como a cruz central do Oratorio, na que se expoñen os diferentes

¹² Alude aos cravos da crucifixión de Cristo. Trátase dun novo elemento, que se puxo logo da restauración do monumento.

¹³ Símbolo do Espírito Santo. Identificación frecuente ao longo da historia da arte cristiá.

¹⁴ Trátase da sigla de “Iesus Nazareus Rex Iudeorum” (Xesús Nazareno Rei dos Xudeus). Esta inscrición soía poñerse sobre o mesmo pao da cruz ou sobre unha taboa, colocada sobre o mesmo pao.

¹⁵ Fai alusión ao apóstolo San Pedro e as súas negacións cando Xesús lle dixo: “No cantará el gallo sin que me hayas negado tres veces” (San Xoán, 14,38)

¹⁶ Era un instrumento de tortura usado polos romanos e que tamén llo puxeron a Cristo na cabeza,

¹⁷ Trátase dunha oblea de pan ácimo consagrado polos cregos na misa. Os católicos cren na transubstanciación, dogma que afirma que durante a consagración a hostia convértese na carne de Cristo e o viño no seu sangue.

¹⁸ Tiña como función recoller o sangue e a auga, que xurdiron do peito de Cristo, logo de que un soldado romano lle abrise o peito cunha lanza.

¹⁹ Unha das varas, simboliza á lanza, que usou un soldado romano para cravarlla nun costado a Cristo, o que deu lugar a que saíse sangue e auga, segundo o evanxeo do San Xoán; a outra, representa á lanza, que amosaba na súa parte superior unha esponxa con vinagre e que un soldado romano lle acercou a boca de Xesús, logo de dicir: “Teño sede” (Evanxeo de San Xoán).

²⁰ O látego vai moi ligado a flaxelación de Xesús.

²¹ A escada simboliza o Descendemento de Xesús da cruz, logo de morrer.

²² A caveira e mais a tibia simbolizan a redención do primeiro home, Adán, así como ao propio monte Gólgota, onde Xesús foi crucificado. Ademais é o símbolo do triunfo da Cruz sobre o pecado e a morte; e unha clara alusión á Resurrección de Cristo.

²³ O martelo sería utilizado para cravar a Cristo na cruz; pola contra, as tenaces úsanse para quitar os cravos da cruz e desta maneira poder descendelo.

²⁴ José Luís Costa González, fregués de Santa María de San Breixo.

símbolos da crucifixión de Xesús. Estas tarefas foron realizadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello.

Por outra banda na fachada central do templo parroquial hai dúas cruces latinas de mármore cuxos remates son de forma treboada. Nelas está inscrito o nome da orde que celebrou a misión e a data na que tivo lugar. Námbalas dúas a orde relixiosa que interviú na conmemoración foi a dos Xesuítas, e a data corresponde aos meses de Outono do ano 1926, e Setembro do ano 1963.

Ámbas as dúas cruces, ao igual que as do Oratorio, serven de recordo aos fregueses da comunidade das ensinanzas recibidas no transcurso das respectivas misións. Estas viñan durando dous ou tres días, que se caracterizaban por unha intensa práctica litúrxica. A este respecto o antropólogo William A. Cristhian manifestaba “*que la misión suponía un intenso fin de semana de sermones, confesiones y comuniones, realizándose durante el invierno, cuando la gente tenía menos trabajo*”²⁵. A misión era ofrecida por un fregués da parroquia, ou pola mesma comunidade, que delegaban no párroco a súa planificación. Este adoitaba chamar a un ou dous predicadores dalgunha Orde relixiosa, que resaltaban preferentemente a necesidade do arrepentimento e os perigos do inferno, usando case sempre exemplos concretos.

A celebración dunha misión tiña un sentido polivalente para a poboación.

1º. SENTIDO FESTIVO.

No día ou días nos que se celebraba a misión non se adoitaba traballar. Eran días de festa que os mozos e mozas das freguesías colindantes ao lugar da misión aproveitaban para relacionarse. Este contacto entre ámbos os dous sexos só era posible nalgunhas feiras, nas festas parroquiais, e tamén cando se realizaba unha misión. Polo tanto, non é estrano que este acto litúrgico fose esperado impacientemente.

2º. SENTIDO DE INTEGRACIÓN.

Os fregueses das comunidades colindantes ao lugar da misión viñan normalmente en procesión precedidos polos seus párrocos e varios fregueses que portaban as cruces e pendóns parroquiais, así como as diferentes imaxes de devoción, que presidían os diferentes cultos levados a cabo na mesma. Estas adoitaban ficar nunha ou máis casas próximas ao lugar da misión ata que esta rematase, sendo de novo devoltas aos seus lugares de orixe en procesión e acompañadas polos seus fregueses.

²⁵ WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid.: Ed. Tecnos, 1978, páx. 124.

3º. SENTIDO RELIXIOSO.

Os predicadores asistentes á misión soían falar en exceso da morte, dos perigos do inferno, da necesidade do arrepentimento etc. A aprendizaxe destes conceptos doutrinais e doutros máis, levábanse a cabo ás máis das veces por medio do medo e a inquietude, que producían entre os asistentes as diferentes pláticas e sermóns impartidos polos membros da Orde relixiosa correspondente. Era un cambio drástico para os diferentes fregueses afeitos á familiaridade dos seus respectivos párrocos, que con os seus rituais simples e sinxelos chegaban máis hondamente á persoa. “Cando viñan as misións, aquilo era unha festa para os cativos, pois non se traballaba; pero tamén, ás veces, un arrepío, sobre todo canto o xesuita, dentro da igrexa, se subía ó púlpito, extendía o seu manteo arredor, vestido de negro, e o sacristán empezaba a tocar a morto no campanario, mentras o frade...veña a falar da morte e da eternidade; aquilo poñía os pelos de punta ó mais arriscado”²⁶.

4º. SENTIDO PROPAGANDÍSTICO.

Os diferentes predicadores, ademais da mensaxe de renovación espiritual e de atención aos sacramentos, aportaban a devoción da súa Orde por medio de estampas, gravados, e mesmo imaxes para colocar na igrexa parroquial. Así, os capuchinos traían consigo a devoción a San Antonio de Padua; os pasionistas, a Pasión de Cristo; os redentoristas, a devoción á Nosa Señora do Perpetuo Socorro etc.

- ACTOS LITÚRXCOS DUNHA MISIÓN PARROQUIAL.

En primeiro termo, realizábase o “Rosario da Aurora”, entre as 6,30 e as 7 da mañá. Adoitaba saír da igrexa parroquial e dunha casa da freguesía onde foran gardadas durante a noite as diferentes imaxes de devoción, que participaban no evento relixioso. Os fregueses que participaban neste ritual, confluían nun lugar onde cantaban a seguinte canción:

*“Levantaos, fieles cristianos,
que ya viene la mañana.
Levantaos fieles cristianos,
que ya la Virgen te llama.
Cristianos venid,*

²⁶ SEIJAS CENDÁN, Anxo: “A miña relixión tal como a vivín”, en **Rev. Encrucillada**, nº35. Revista galega de pensamento cristián, Santiago, 1977, páx. 436.

*cristianos llegad,
y adorad a Dios,
que está en el altar”.*

Logo, no transcurso da mañá, había pláticas dirixidas a nenos, xoves e adultos. Xa á tarde, celebrábase un sermón xeral, que tiña lugar nos arredores da igrexa parroquial. Ao rematar esta plática oficiábase unha misa. Finalmente, o último día clausurábase a misión, o que motivaba que houbera unha serie de actos litúrxicos, como, confesións, misa, procesión e via crucis.

IV. O CRUCEIRO DE SAN BREIXO

COORDENADAS U.T.M.

X: 587.622 Y: 4.746.699

Esta manifestación artística está situada na aldea de San Breixo, nun cruzamento de viarios, e preto do Oratorio da Santa Cruz. As súas coordenadas son: 425204N 755340²⁷.

Con respecto aos seus elementos cómpre dicir que sobre unha ampla peza granítica cuadrangular se levanta unha plataforma composta por un chanzo granítico no que se asenta unha base ou pedestal, composta polos seguintes elementos nunha orde ascendente: unha peza paralelepípeda, e por unha moldura cóncava e outra convexa. O fuste é monolítico que mostra unha sección cuadrangular nos extremos –máis no inferior que no superior– e coas arestas biseladas no resto, o que lle dá unha forma octogonal. O capitel presenta tres tramos esenciais: nunha orde ascendente un filete, que separa o fuste do inicio do capitel; logo unha molduración cóncavo-convexa; e, como remate, unha pequena estrutura cuadrangular, que aglutina aos demais tramos. Finalmente, o cruceiro remata nunha cruz latina²⁸ que presenta nambos os dous eixos unha sección cilíndrica rugosa. No seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, móstrase unha efíxie de Cristo coa coroa de espiñas na cabeza, que inclina ao lado dereito; os seus brazos están extendidos coas mans abertas ao longo da cruz máis

²⁷ PEREIRO PÉREZ, Xerardo: “Os Cruceiros do Municipio de Palas de Rei”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, n^o7. Deputación Provincial, 1995-96, páx. 239.

²⁸ PEREIRO PÉREZ, Xerardo: *Obr. Cit.*, páx. 239.

“O cruceiro foi derrubado por un coche a fins dos anos 80 deste século (S.XX), polo que a cruz tivo que ser feita de novo e púxoselle unhas cadeas de protección”.

separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo.

Nos días de festividade no santuario²⁹ a procesión circunvala o cruceiro e logo volta ao seu lugar de orixe. A procesión ten como finalidade sacar ao exterior non só a imaxe, que atrae as ofrendas ao santuario, senón tamén outras, que se encontran no recinto sagrado. Todas santifican o espacio que percorren, proporcionando unha enerxía beneficiosa a tódolos elementos – persoas, animais...- que se atopan no percorrido ³⁰.

V. O SANTUARIO DE SAN BREIXO

COORDENADAS U.T.M.

X: 587.636. Y: 4.746.752

1. O CONCEPTO DE PIEDADE POPULAR.

Este concepto é un termo complexo, confuso e mesmo ambiguo. Isto é debido a que se nos fala dun xeito continuo de “devoción popular”, de “relixión popular”, de “espiritualidade popular”, de “relixiosidade tradicional” etc. Todo isto motiva que non sexa doado definir a relixiosidade do pobo, xa que é un mundo de sentimentos, vivencias, ritos, expresións prácticas...³¹. Cada comunidade ten o seu modo de vivir a fe e de manifestala, xa que como todo fenómeno vivo ten os seus trazos.

Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e expresa o seu sentir³². É parte da cultura, dun modo de pensar e vivir. Sen embargo, segundo Álvarez Gastón, non só é popular o que o pobo crea, senón tamén o que recibe, asimila e fai propio, como por ex. a relixiosidade recibida por medio de devocionarios, misioneiros...

²⁹ No mes de setembro é cando se celebran dun xeito preferente as festividades asociadas ao santuario de San Breixo (Palas de Rei). Informe de: BLANCO PRADO, José Manuel.

³⁰ BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 21.

³¹ TOSCHI, P.: *Guida allo studio delle tradizioni popolari*. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974, páx. 24.

³² BOROBIO, Dionisio: *Religiosidad popular en la renovación litúrgica. Criterios para una valoración*. Phasen 89, Barcelona, 1975, páx. 347.

³³ O fenómeno religioso popular tenta dar solución a necesidades non satisfeitas polo sistema relixioso oficial cuxos verdadeiros protagonistas son os teólogos, que se constitúen en élites; pola contra nas diferentes manifestacións da relixiosidade popular, como as romarías, o verdadeiro suxeito é o pobo, quen mostra as súas peculiaridades, as súas tradicións e costumes, os seus ritos, o seu modo de entender a vida, a súa forma de expresarse etc. Ademais, as manifestacións de índole relixiosa popular están en contacto coa plástica simbólica, e son a manifestación da emotividade persoal. Polo tanto, responden ao desexo e a necesidade de intimidade co ser sagrado³⁴. Xa que logo, non é inusual que toda unha serie de rituais e ofrendas, que teñen como marco espacial ao santuario, se canalicen con este fin. Da mesma maneira os devotos nas súas relacións coa sacralidade adoitan en boa medida unha postura pragmática, de tal xeito que a petición dunha serie de rogativas, como sandación das doenzas, boas colleitas, etc. segue sendo un factor básico da relixiosidade popular.

2. *ALGÚNS TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO E A SÚA LOCALIZACIÓN.*

Trátase dun recinto sagrado do século XIX, de amplas proporcións, que funciona como santuario no mes de setembro e como igrexa parroquial o resto do ano.

O fronte do templo posúe tres portas alinteladas, e unha torre de dous corpos. O seu interior consta de tres naves delimitadas por catro piares, que soportan a cuberta de tella sobre madeira, a dúas vertentes. O presbiterio está situado na línea da nave central cun amplo arco de acceso.

O retablo maior e o da nave norte son neoclásicos que presentan as seguintes talles:

1º. Retablo maior. Talles de San Roque e San Xosé.

2º. Retablo da nave norte: Talles da Piedade, Santa Lucía e San Ramón.

A Nosa Señora da O, que é a primitiva titular da igrexa. É unha boa talle do século XVI. Hai outras pezas, que corresponden a época do templo, e unha Inmaculada, popular, cunha peana de dous anxos ³⁵.


³³ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La Religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C. Madrid, 1981, páx. 18.

³⁴ BASURKO, Xavier: "Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral.", en *Santuarios del País Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del País Vasco, Vitoria, 1982, páx.307.

³⁵ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: "Sambreixo. Palas de Rei", en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. V, Madrid, 1983, páxs. 472-473.

Por outra banda, este santuario desde o punto de vista relixioso pertence á parroquia de Santa María de San Breixo, ao arciprestado da Ulloa e á diócese de Lugo. A efectos civís, forma parte da mesma parroquia, do concello de Palas de Rei, e da provincia de Lugo. Dista case 6 km. da capital do municipio e 42 da capital provincial.

2.1. MAPA DE LOCALIZACIÓN.



3. LENDA SOBRE O SANTUARIO.

Calquera centro romeiro perpetua e amplía a súa fama mediante relatos orais que circulan entre os devotos. E este santuario non é unha excepción, pois está vinculado desde hai moitos anos a unha narración dun feito portentoso, acaecido ao carón da fonte do Santuario.

“Hai moitos anos apareceuse a Virxen xunto á fonte, o que deu lugar a que os veciños da zona lle construíran un templo cerca dese lugar. Díciase que a Virxen estaba situada fronte a unha ventana pola que contemplaba a fonte. Un día a ventana foi tapada, o que deu lugar a que a Virxen aparecese de novo na fonte. Desde que a ventana foi de novo aberta, a Virxe xamais volveu deixar o templo”³⁶.

As lendas tentan conceder unha concreción ao ser sobrenatural³⁷. Isto quere dicir que un símbolo universal convértese en particular polo lugar.

Os lugares de aparición, moitos dos cales atópanse alonxados das poboacións, no campo y no monte, foron valorados como lugares de culto por medio da lenda³⁸. Nestes lugares as comunidades respectivas cambiaron o espacio, construíndo santuarios dun xeito permanente. Isto determinou a futura función de tales espazos e amosou a profunda transformación que implica a manifestación dunha imaxe. ***“Inzan as léndas encol das ermidas sobor da súa orixe como aparición dunha imaxe que, cando se quere levar pra outro lado, desaparece e xurde de novo no mesmo lugar, indicando os desexos de que alí sexa onde se erga a ermida...”***³⁹.

Por outra banda esta lenda, ao igual que outras, tiña como función crear a sacralización histórica dunha imaxe e dun lugar, usándose tamén como barreira na memoria popular para esquecer o posible culto pagán, dedicado ás augas, existente naquel lugar. Sobre este posible culto precristián cómpre mencionar que na freguesía de San Martiño de Cubrían, preto do seu anexo de San Breixo, encontrouse unha ara votiva sobre a que fixeron estudos varios investigadores como D. Francisco Vázquez Saco, D.

³⁶ Informante de San Breixo (Palas de Rei).

³⁷ VELASCO, Honorario M.: “Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”. ***La Religiosidad Popular. II. Vida y muerte: La Imaginación Religiosa***. (Coords.). C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerra. Anthropos.Barcelona, 1989, pág.402.

³⁸ VELASCO, Honorario M.: ***Obr. Cit.***, pág. 403.

³⁹ TABOADA CHIVITE, Xesús: ***Etnografía Galega. Cultura Espritual***. Vigo: Galaxia, 1972, páxs. 100-101.

Manuel Vázquez Seijas, D. José Blázquez Martínez e D. Nicandro Ares Vázquez, entre outros. Este último interpretou a ara do seguinte xeito: ***“Bandue Bolecco Sulpicius Xincerus C (uravit) V (otum) S (olier) L (ibens) M (erito)”***. É dicir, “Sulpicio Sincero procuró cumprir gustoso en justicia un voto a Bandua Bolecco”, á que consideraba unha deidade da fertilidade. ***“Son tantas estas augas santas, que non hai remedio sinón convir en que se debe tratar dunha tendencia ancestral moi fonda do noso pobo, a da veneración das fontes, e que o seu culto debeu ser dos principás nos tempos da paganía, como delo vimos tamén que hai probas epigráficas”***⁴⁰.

4. TERRITORIO DE GRACIA E PETICIÓNS.

Neste recinto sagrado conmemóranse unha serie de festividades durante o mes de setembro. Así o día oito, o segundo domingo, e o terceiro ou cuarto domingo do devandito mes celébranse as festividades da Nosa Señora do Leite, tamén coñecida como a Nosa Señora da Nai de Deus do Leite, e a da Virxe da Saleta.

O santuario posúe un territorio de gracia ⁴¹, que abrangue dun xeito preferente a concellos próximos ao de Palas de Rei, como A Golada, Friol, Guntín, Lugo, Melide, Monterroso e Santiso, pertencentes ás provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.

Os devotos ofrécese normalmente por si mesmos, mais hai algúns casos nos que veñen no nome doutras persoas que, polas súas enfermidades, non poden acudir ao recinto sagrado. Nos últimos anos o número de devotos está a diminuír, podendo establecer no ano 2008 unha cifra aproximada de mil cincocentos romeiros no conxunto das tres celebracións.

As peticións máis usuais están relacionadas coas doenzas das persoas, coas mulleres que van parir, e coas enfermidades dos animais. A crenza popular refírenos “que a Virxe do Leite e avogosa das mulleres, que van parir e tamén dos animais do leite. De aí que lle ofrezan á Virxe do Leite moitos queixos”.

5. RITUAIS ROMEIROS.

⁴⁰ Risco, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en *Historia de Galicia* dirigida por Ramón Otero Pedrayo. Ed. Akal, Madrid, 1979, páx.410.

⁴¹ Segundo William Christian, trátase do espacio xeográfico sobre o que exerce a súa influencia un santuario segundo o poder de convocatoria e fama milagreira do santo en cuestión.

As peticións dos fieis supoñen unha actitude de submisión ás diferentes advocacións da Virxe, que son consideradas como importantes mediadoras perante Deus. Para manifestar este sometemento ao poder sacro, os ofrecidos en xeral cumpren aquí, o mesmo que noutros santuarios romeiros, cunha serie de prácticas ritualizadas destinadas a impetrar a axuda dos diferentes entes sagrados ou agradecer o favor xa recibido. Parte delas son as propias da liturxia oficial. Outras, pola contra, podemos clasificalas como específicas da relixiosidade popular.

Entre as primeiras están a de oír unha das misas que se ofician pola mañá ou a primeira hora da tarde, momento no se que se concelebra a solemne, cantada polo párroco de Sambreixo e outros cregos de freguesías limítrofes. Ao rematar a misa maior sae a procesión, que da a volta ó redor dun cruceiro, situado nun cruzamento de viarios, para retornar de novo ao recinto sacro. Diante da procesión vai a cruz parroquial, portada por un fregués da parroquia; logo o pendón, levado por tres mulleres da comunidades parroquial; a continuación unha das advocacións da Virxe, que se veneran no santuario, portada nas andas por catro devotos da freguesía; e, como remate, os cregos concelebrantes e algúns fieis mesturados sen distinción de idade e sexo.

As prácticas populares son máis variadas. No transcurso da mañá e primeiras horas da tarde bastantes devotos realizan no interior do santuario dous rituais fundamentais: o de poñer o santo e o de contacto coa imaxe. O de “poñer o santo” consiste en que un fregués da parroquia realiza unha cruz por riba da cabeza dos devotos cunha imaxe pequena da Virxe mentres menciona *Santa Bendita*. O ritual de contacto activo coa imaxe estática consiste en que os devotos tocan coas súas mans, panos e outros obxectos na representación da Virxe. Logo bícanos e pásanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade preventiva e curativa.

Tamén hai dous rituais consistentes en que os fieis pasan por baixo do lugar onde se atopa a imaxe do Ecce Homo e algunhas advocacións da Virxe. Un deles lévase a cabo no inicio do presbiterio e baséase en dar un número indeterminado de voltas ó redor do espacio, que ocupa a entidade sagrada, e logo pasar por baixo do pedestal de madeira, que ocupa dita entidade. O outro realízase na parte superior dereita do recinto sagrado e consiste en pasar, un número indefinido de veces, por unha abertura situada baixo o camarín adicado á advocación da Virxe do Leite e ao Ecce Homo.

Por outra banda en Sambreixo os devotos adoitan acudir á fonte, que leva por nome a “Fonte da Nai de Deus”, situada en linea recta a uns cento cincuenta metros. Os fieis que se achegan a este manantial lavan as partes doentes dos seus corpos cuns

panos, e a seguir déixanos quedar alí ao carón da fonte. Aínda manteñen, hoxe en día, a crenza de que a medida que os panos van podrecendo, as doenzas dos que cumpren co rito van desaparecer. Tamén hai quen bebe da auga da fonte e lévana en recipientes para as súas casas, usándoa como medio preventivo perante calquera circunstancia adversa.

O rito de beber auga na fonte da Virxe, ou recollela en botellas para levala a casa, simboliza para os devotos a morte da enfermidade e a rexeneración da saúde.

“El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado, pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento”⁴².

Ademais, o costume de mollaren panos para tocar con eles as feridas ou partes doentes do corpo, deixándoos ao carón da fonte ou pendurados duns ramallos, para agardaren así que a doenza desapareza conforme os panos vaian podrecendo, ten o seu fundamento nun arremedo do que o devoto pretende acadar. O proceso de descomposición da prenda indicaría a extinción paulatina do mal e o conseguinte restablecemento da saúde. Desta maneira cumprírase a observación realizada xa a finais do século XIX por Frazer de que “con frecuencia os ritos consisten nunha imitación dos efectos que a xente desexa producir”⁴³.

6. OFRENDAS PROPICIATORIAS E DE ACCIÓN DE GRAZAS.

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositasen diversas ofrendas neste santuario. Unha moi xeral era a cera. Os romeiros adquirían candeas e cirios de diferentes tamaños, para depositalos no interior do templo diante das respectivas advocacións. Tamén deixaban quedar figuras de cera, que representaban a totalidade do corpo humano ou partes del, así como animais.

Na actualidade, unha ofrenda básica son as esmolos en metálico depositadas nos petos –especialmente no intre de “poñer o santo”, ou no transcurso das misas que se ofician no santuario–. Tamén os fieis adquieren cirios pequenos (“velóns”), que procuran colocar preto da imaxe de devoción. Así mesmo, ofrecen estipendios en misas, que o

⁴² FIDALGO SANTAMARIÑA, X. A.: *Antropología de una parroquia rural*. Cadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social. Serie Galicia Campesiña. Ourense, 1988.

⁴³ FRAZER, J. G.: *La rama dorada*. México: Ed. Fondo de Cultura Económica, 1969.

párroco adoita celebrar na mesma igrexa no transcurso do ano⁴⁴. A mediados de setembro e con motivo da festividade da Virxe da Nai da Leite, aínda se seguen ofrecendo “queixos”, que son poxados polo sancristán da freguesía dúas ou máis veces no transcurso da mañá⁴⁵. Ás poxas acoden un bo número de persoas, que mostran interese por mercar algún produto relacionado coa imaxe sagrada do santuario. ***“En muchos de los santuarios estas ofrendas en especie se venden en subasta pública...los devotos muestran gran interés en comprarlas porque su contacto con los santos las ha convertido en reliquias”***⁴⁶.

Por outra banda, o cumprimento das promesas non só se realizan os días da festividade no santuario, senón que en calquera domingo do ano veñen devotos doutras comunidades para pregar á Virxe todo tipo de peticións.

Finalmente, compre dicir que a festa laica segue asociada –aínda que en menor medida que antano– ás festividadeas relixiosas do mes de setembro. Esta redúcese a un grupo de gaiteiros pola mañá e ao mediodía, e a unha orquestra contratada para a sesión denantes de xantar e para a verbena.

⁴⁴ No ano 2007 houbo unha ofrenda aproximada de 130 misas nas tres festividadeas, que se levaron a cabo no Santuario de San Breixo (Palas de Rei).

⁴⁵ BLANCO PRADO, José Manuel: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 130.

⁴⁶ MARIÑO FERRO, X. R.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 277.

VI. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La Religiosidad popular*. Cuadernos B.A.C. Madrid, 1981.

BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral.”, en *Santuarios del País Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del País Vasco, Vitoria, 1982.

BOROBIO, Dionisio: *Religiosidad popular en la renovación litúrgica. Criterios para una valoración*. Phasen 89, Barcelona, 1975.

BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, J. M.: *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*, Lugo: Deputación Provincial, 1991.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago: Arzobispado de Santiago de Compostela, 1982.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Guía para visitar los santuarios marianos de Galicia*. Madrid: Ed. Encuentro, 1989.

EQUIPO “IR INDO”: “Palas de Rei”, en *Galicia en Comarcas. Chantada e A Ulloa*. La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, Vigo, 2005.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X. A.: *Antropología de una parroquia rural*. Cadernos do Laboratorio Ourensán de Antropología Social. Serie Galicia Campesiña. Ourense, 1988.

FRAGUAS, A.: *Romarías e Santuarios*, Vigo: Galaxia, 1988.

FRAZER, J. G.: *La rama dorada*. México: Ed. Fondo de Cultura Económica, 1969.

GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega*, Vigo: A Nosa Terra, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: “Economía, sociedade e cultura no val de Fornela”. En X. M. González Reboredo (coord.): *Nos lindeiros da galeguidade. Estudio antropológico do val de Fornela*. Consello da Cultura Galega, Santiago.

LISÓN TOLOSANA, C.: *Antropología cultural de Galicia*, Madrid: Ed. Siglo XXI, 1971.

MARIÑO FERRO, X. R.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, 1987.

MARIÑO FERRO, X. R.: *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo: Ed. Nigratrea, 2003.

PEREIRO PÉREZ, Xerardo: “Os Cruceiros do Municipio de Palas de Rei”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, nº7. Deputación Provincial, 1995-96.

RISCO, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en *Historia de Galicia* dirigida por Ramón Otero Pedrayo. Ed. Akal, Madrid, 1979.

SEIJAS CENDÁN, Anxo: “A miña relixión tal como a vivín”, en *Rev. Encrucillada*, nº 35. Revista galega de pensamento cristián, Santiago, 1977.

TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espritual*. Vigo: Galaxia, 1972.

TOSCHI, P.: *Guida allo studio delle tradizioni popolari*. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: “Sambreixo. Palas de Rei”, en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. V, Madrid, 1983.

VELASCO, Honorario M.: “Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”. *La Religiosidad Popular. II. Vida y muerte: La Imaginación Religiosa*. (Coords.). C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerra. Anthropos.Barcelona, 1989.

WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid.: Ed. Tecnos, 1978.

WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr.: “De los santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media a nuestros días”, en *Temas de Antropología Española*. Ed. Akal. Madrid, 1976.

VII. ILUSTRACIÓNS



RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA ADVOCACIÓN DA VIRXE DAS ANGUSTIAS



EXVOTOS DE CERA SIMBOLIZANDO FIGURAS HUMANAS E DE ANIMAIS



O ORATORIO DA SANTA CRUZ (2007)



O ORATORIO DA SANTA CRUZ (2007)



CRUCEIRO DE SAN BREIXO



CRUZ DE MISIÓN. AÑO 1963



A TORRE DO SANTUARIO DE SAN BREIXO



RITUAL DE POÑER O SANTO



RITUAL POR BAIXO DA ADVOCACIÓN DA VIRXE DAS ANGUSTIAS



RITUAL POR BAIXO DA ADVOCACIÓN DA VIRXE DAS ANGUSTIAS



RITUAL BAIXO O ALTAR DO ECCE-HOMO E A VIRXE DO LEITE



GRUPO FOLKLÓRICO QUE VAI ACOMPANHAR A PROCESIÓN



A PROCESIÓN DÁ A VOLTA AO REDOR DO CRUCEIRO



RITUAL NA FONTE DA VIRXE



POXA DOS QUEIXOS NA FESTIVIDADE DA VIRXE DO LEITE (1995)